

## INTRODUCCIÓN

*«Se Inglaterra tivera un porto coma o de Ferrol,  
defenderíao cunha forte muralla de prata»*

William Pitt, primeiro ministro de Inglaterra.

Cando se nos encargou a tarefa de elixir un tema para o curso de verán de 1994, como iniciativa e expresión da recentemente creada facultade de Humanidades de Ferrol, non tivemos a menor dúbida de que o mar debía constituí-lo eixe arredor do cal xirasen as conferencias e as mesas redondas por artellar. O Arsenal da cidade departamental, onde se ía celebra-lo curso en virtude do acordo de colaboración da Universidade da Coruña coa Zona Marítima do Cantábrico (Cátedra «Jorge Juan»), suxería por riba un programa vencellado coa mariña de guerra e as expedicións de descubrimento e conquista. E de aí o título escollido: *Guerra, exploracións e navegación: do mundo antigo á idade moderna*. Un rótulo suficientemente xenérico como para dar acollida a unha variada nómina de participantes, tanto a profesores de historia como a mariños con sonda de investigadores, e asemade suficientemente divulgativo como para engaiolar ó público en xeral, comezando por aquel con máis interese polas cousas do sua terra. Se adonarse da realidade que nos arrodea, e mais enxerga-la, constitúen un primeiro obxectivo en toda angueira universitaria, este ciclo quixo deixar moi clara a vontade da nosa xove facultade ferrolá de inserirse fundamente na sociedade civil á que pertence. O cabo, en tanto que corporación ensinante e investigadora poderíansenos aplicar en igual medida que como a individuos a coñecida máxima de Ortega: somos nós e as nosas circunstancias. E estas, en efecto, remítennos unha e outra vez ós homes e ás viravoltas da vida dependente do mar: ó seu pasado, ó seu presente e, non poucas veces, ó seu incerto porvir.

Falar da mar en Galicia é falar, por riba de todo, das súas labours pesqueiras, testemuñadas arqueoloxicamente xa dende a idade do ferro (marisqueo nos castros costeiros), aínda que sen esquecer tampouco a vitalidade da súa mariña mercante, a forza dos seus estaleiros e o pulo sostido dos deportes náuticos. Acaso nunca sexa enteiramente suficiente salientar este compoñente xenuino da sociedade galega, polo esquecemento do cal teríamos que pagar un altísimo prezo na nosa comprensión da realidade e, por conseguinte, no noso dominio sobre a mesma. Mais, sen prexuízo de todo iso, calquera observador familiarizado co noroeste peninsular convirá en que a mariña de guerra e, máis en concreto, a presenza das súas persoas, das súas instalacións e dos seus símbolos pertencen por dereito propio ás entrañas da paisaxe costeira e á memoria colectiva que o enche. Non podía ser doutra maneira, se temos en conta a posición na encrucillada do cuadrante noroccidental para o gran tráfico marítimo, así como as voltas e reviravoltas, acolledoras case sempre, do seu perfil costeiro. Nin máis nin menos que 1195 kms. de litoral entre Camposancos e Ribadeo, que noutrora serviran tamén de escalas e ancoradoiros á Royal Navy ou ós buques da Grande Armée ou do Reich alemán. Antes de todo iso a cartografía europea debuxara xa os contornos das ribeiras galaicas, a natureza hospitalaria e agarimosa das cales espallou moi cedo a peregrinación xacobea.

En efecto, das rías baixas ás rías altas, os monumentos e lembranzas síguense un tras outro para amosar ó viaxeiro actual que un vínculo natural e secular foi achegando os destinos dos seus portos e accidentes xeográficos ás evolucións da guerra naval, á historia das talasocracias oceánicas, dende a antigüidade clásica ata os nosos días. Como moi ben expón na súa comunicación Antonio R. Colmenero (*La intervención de la flota romana en la conquista de Gallaecia*), a primeira invasión merecente de recordo na Galicia actual por un exército regular foi a levada adiante no 61 a.C. por Xulio César ó mando dunha escadra romana que, saíndo de Cádiz, alcanzou o golfo ártabro e desembarcou na neboenta Brigantio (quizais A Coruña, quizais Betanzos). Xa daquela, a imaxe altiva dun castro coma o de Santa Tegra, erguéndose sobre o acantilado na desembocadura do Miño, era sinal inequívoco para os nautas fenicios e atlánticos de que as poboacións castrexas non ficaban en absoluto de lombo ás rotas de navegación. Algo máis ó norde, á entrada da ría de Vigo, Baiona A Real pregoa ós catro ventos a honra de se-la primeira coñecedora da tornaviaxe da Pinta, ó paso que en Rande a lenda dos galeóns afundidos co ouro das Américas fixo voar a imaxinación de españois e europeos dende 1702, incluíndo ó propio Xulio Verne. Na ría pontevedresa a Escola Naval de Marín constitúe, xunto coa capital do Departamento, a institución máis importante da armada española en todo o litoral setentrional da península. Tampouco a ría de

Arousa se viu libre das repercusións da loita naval sobre o fendido perímetro do noso litoral, e proba diso témola nas Torres do Oeste, erixidas polo bispo Xelmírez en Catoira como xigantes de pedra fronte as vagoas da piratería viquinga e moura. Doadá cousa sería afondar nesta escolma de postais mariñeiras. Chéganos con engadir que, no cerne urbano da Coruña, a praza porticada de María Pita mantén sempre nova a memoria daquela muller que soubo dirixir en 1589 a loita dos seus paisanos fronte ó ataque de Francis Drake, en resposta á súa vez pola empresa da Invencible, á que xustamente a cidade herculina servira de apoio loxístico un ano antes.

E todo iso sen conta-las moitas baterías de costa, hoxe xa esquecidas por fora de uso, o mesmo que os castelos e fortes militares, construídos na súa maioría ó longo do século dezaoto, aquelas e estes como predispostos polo *genius loci* para esperta-la imaxinación dos novelistas e mesmo para rescatar ós nenos urbanos do fastio dos xogos audiovisuais ou da escravitude deses parques infantís prefabricados. Non é unha casualidade, dende logo, que ós escritores desta terra os segredos e as xentes da mar inspiraran páxinas a milleiros na súa escritura, dende Martín Códax ata Torrente Ballester, pasando por Rafael Dieste, Alvaro Cunqueiro, José M<sup>a</sup> Castroviejo, Jorge Parada, etc.

Se os enclaves históricos enchen por onde queira a paisaxe da beiramar coa evocación das máis diversas xestas e afáns navegantes, a chea de mariños sobranceiros que deu á historia de España o país galaico xustificaría unha monografía tan ampla como calquera outra consagrada ós seus universitarios ou políticos. Velaí, coñecidos de todos, os nomes de Paio Gómez Charino, Alonso Jofre Tenorio, Sarmiento de Gamboa, Alvaro de Mendaña, Lángara y Huarte, Méndez Núñez, Pita da Veiga, Ramón de Carranza, etc. Que a algún deles ben cadraríalle a louvanza que os portugueses fan ó seu querido rei Don Enrique o Navegante: «E se máis mundo houbera, alá chegara».

A terra sinalada na cristiandade como sepulcro de Santiago non é nin foi endexamais a Feacia de Alcínoo, unha illa utópica e leda de xentes «afastadas no medio do mar», por máis que as comunicacións coa meseta -non así co norte de Portugal, a rexión natural de penetración romana-, estean sementadas de dificultades. Nin xeográfica nin culturalmente foi a Galicia mariñeira un mundo pechado e marxinal, antes ben viviu sempre inserta nun cadro moi aberto, suxeto ós influxos setentrionais atlánticos e ó ascendente da antiga e moi polida tradición mediterránea (semita e latina, ó principio, en tempos dos castros). Como escribiu Otero Pedrayo, «os infindos camiños do mar franquéanse en portas, en fiestras, en galerías que reflexan as terras amigas». Do cal se impón, como se decatarán axiña os lectores, a necesidade da aborda-lo tema que nos ocupe dende unha perspectiva o máis ampla e universalista posible.